1.13. A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais poderá requirir motivadamente, consonte prevé o artigo 28 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, calquera documentación aclaratoria necesaria en relación coas subvencións que se van outorgar, que considere conveniente.

CVE-DOG: ugnjif5-qtp7-c8w9-uyo5-6faaeaykvhw2



2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

Artigo 13. *Comprobación de datos*

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a. NIF da entidade solicitante.
- b. DNI/NIE da persoa representante ou NIF da entidade representante, de ser o caso.



c. Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

d. Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

e. Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

f. Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

g. Consulta de concesión de subvencións e axudas.

No caso de que as interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 14. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 15. *Propiedade intelectual*

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación poderá reproducir, almacenar e distribuír por calquera medio, electrónico, en soporte papel ou outros semellantes, a información obtida nos traballos subvencionados mediante esta orde de convocatoria de axudas, citando as fontes das persoas titulares dos dereitos de propiedade intelectual e respectando, en todo caso, as prescricións contidas na normativa de protección de datos de carácter persoal.



Artigo 16. Órganos de instrución e resolución

1. A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, como órgano instructor, comprobará que a operación cumpre coas obrigas establecidas pola normativa da Unión Europea, a lexislación nacional e a autonómica, entre elas a relativa ás axudas e demais normas e requisitos obrigatorios.

2. A asignación das citadas subvencións farase en virtude da baremación realizada pola Comisión de Valoración, que outorgará unha puntuación segundo os criterios establecidos no artigo 9.

3. A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- a. Presidente/a: persoa titular da Subdirección Xeral de Enerxía.
- b. Secretario/a: persoa titular do Servizo de Infraestruturas Enerxéticas.
- c. Vocal: persoal técnico do Servizo de Infraestruturas Enerxéticas.
- d. Vocal: persoa titular da Subdirección Xeral de Biodiversidade e Recursos Cinexéticos e Piscícolas.

4. Así mesmo, asistirá ás reunións o persoal técnico e administrativo que sexa requirido en cada ocasión.

5. En caso de ausencia dalgunha delas, a persoa titular da dirección xeral procederá a nomear unha persoa substituta.

6. Na composición da Comisión de Valoración procurarase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

7. No proceso de instrución darase traslado das solicitudes recibidas á Comisión de Valoración, que elaborará unha proposta de concesión das axudas.

8. A Comisión de Valoración dará traslado das súas propostas de resolución á persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, a quen corresponderá ditar a resolución do procedemento.



9. A proposta de resolución, conforme os criterios contidos no artigo 9 e as dispoñibilidades orzamentarias, fará mención das solicitantes para as cales se propón a concesión de subvención e da contía desta de modo individualizado, especificando a súa avaliación segundo a aplicación dos criterios seguidos para efectualas. As solicitudes para as cales se propoña a súa denegación relacionaranse con indicación da súa causa.

10. Conforme o establecido no artigo 6.4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, as persoas que interveñan no proceso de selección das entidades beneficiarias ou nos procesos de verificación do cumprimento das condicións, manifestarán, de forma expresa, a ausencia ou non de conflito de intereses a través dunha declaración de ausencia de conflito de interese (DACI), de acordo co modelo establecido na dita orde.

11. No caso de que concorra conflito de intereses, a persoa afectada concretará as solicitudes sobre as que recae o dito conflito e deberá absterse de intervir na súa selección co fin de mitigar os riscos de materialización deste conflito.

Artigo 17. *Resolución*

1. O prazo máximo para resolver será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao da data de publicación no DOG (*Diario Oficial de Galicia*) da orde da convocatoria correspondente ao ano en curso. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Consonte o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez transcorrido o devandito prazo sen que se dite a resolución expresa, os/as solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude nos termos previstos no artigo 25.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente, de acordo co disposto no artigo 42.1 do mencionado texto legal.

2. As solicitudes de axudas serán resoltas pola persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

3. A resolución do procedemento notificarase de forma individual aos/ás adxudicatarios/as. Na notificación indicarse a persoa ou entidade beneficiaria, a cantidade concedida, o prazo de execución e a xustificación, así como a finalidade ou finalidades da subvención e o programa e crédito orzamentario a que se imputen.

4. A resolución ditada, segundo o disposto no punto 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e en contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a per-



soa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 116 e 117 da Lei 29/1998, da xurisdición contencioso-administrativa.

5. A Administración velará porque na notificación de concesión da axuda se informe as beneficiarias de que a medida se subvenciona en virtude dos fondos relativos ao compoñente 4 «conservación e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade» do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia, igualmente, das súas responsabilidades de publicidade segundo o establecido no artigo 20 das presentes bases reguladoras.

Artigo 18. *Recursos*

1. A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo conforme dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro; non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

2. O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto for expreso. Transcorrido o devandito prazo, unicamente poderá interporse recurso contencioso-administrativo sen prexuízo, se é o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non for expreso, a solicitante poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interporse de novo o dito recurso.

4. Poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, se a resolución é expresa.

Artigo 19. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberase dar cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 20. *Publicidade*

1. As subvencións concedidas ao abeiro destas bases publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, con indicación da norma reguladora, beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

2. A consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, a consecuencia delas, puidesen imporse nos correspondentes servizos públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das beneficiarias e a referida publicidade.

3. Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, transmitirase á BDNS a información requirida por esta, o texto da orde para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

4. As beneficiarias deberán cumprir coa exigencia de publicidade da axuda concedida, ao abeiro do artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento.

5. As beneficiarias deberán cumprir coas obrigas de difusión marcadas e mencionar o apoio da Xunta de Galicia e do PRTR, ao estar financiada pola Comisión Europea a través do Instrumento europeo de recuperación «NextGenerationEU», en toda a información, verbal ou escrita, emitida con ocasión da actividade obxecto de subvención, antes, durante e despois da súa finalización, de acordo co artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

6. Deste xeito, a condición de que a execución da actividade o permita, deberá exhibirse un panel de tamaño A3 (297x420 mm), en lugar ben visible, preferentemente no acceso ao recinto nos casos das subvencións concedidas para investimentos materiais (anexo VI), que fará referencia clara e inequívoca á axuda concedida con expresión dos datos identi-



ficativos desta orde, acompañados polo logotipo oficial da Xunta de Galicia, o logotipo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, o logotipo do Xacobeo 21-22 e o emblema da UE cunha declaración de financiamento adecuado que diga «financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU», xunto ao logo do PRTR, dispoñible no link <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>

Este panel deberá manterse durante todo o período de mantemento do investimento.

7. Cando a beneficiaria dispoña dun sitio web para uso profesional, deberá incluír neste unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación, cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión.

Artigo 21. *Notificación da resolución, aceptación e renuncia*

1. As notificacións dos actos administrativos, distintos da resolución de concesión, practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

CVE-DOG: ugnjif5-qtp7-c8w9-uyo5-6faaeaykvhw2



5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. De renunciar á subvención concedida, a entidade beneficiaria, no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda, deberá notificalo á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais segundo o anexo IV desta orde. Se así non o fixer no prazo indicado, entenderase que acepta a axuda.

7. No caso de renuncias por parte das beneficiarias, poderanse ditar novas resolucións en función das dispoñibilidades orzamentarias derivadas das renuncias, sempre que existan solicitantes que cumpran cos requisitos para beneficiarse das axudas e que a súa solicitude obtivese puntuación suficiente en aplicación dos criterios de avaliación.

Artigo 22. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e segundo o establecido na normativa que regula o seu desenvolvemento.

2. Durante a execución das actuacións non se admitirá ningunha modificación dos investimentos para os cales se concedeu a axuda que supoña o incremento do seu importe nin a inclusión de novos elementos ou gastos.

3. Sen necesidade de instar o procedemento de modificación da resolución, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais poderá aceptar variacións nas partidas de gasto aprobadas, coa condición de que as variacións non superen en conxunto o 15 % do orzamento, que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non desvirtúen as características do proxecto e as condicións que foron tidas en conta para a resolución da concesión.

CVE-DOG: ugnjif5-qtp7-c8w9-uyo5-6faaeaykvhw2



Artigo 23. *Compatibilidade das axudas*

1. A axuda concedida no marco desta orde poderase sumar á proporcionada con arranxo a outros programas e instrumentos da Unión Europea sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo e, en todo caso, de conformidade co disposto no Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento financeiro).

2. Será de aplicación a normativa comunitaria en materia de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

3. A suma de todas as axudas, ingresos ou recursos destinados ao mesmo fin, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadas ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custo total da actividade obxecto da axuda.

4. Na solicitude da axuda (anexo II) e de pagamento (anexo V), a beneficiaria deberá indicar o detalle doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do seu importe e a súa procedencia.

Artigo 24. *Prazo de execución e xustificación da subvención*

O prazo máximo para a execución e xustificación das actuacións subvencionables será ata o 31 de outubro do correspondente ano en curso.

Artigo 25. *Documentación xustificativa e pagamento*

1. Unha vez efectuado o investimento, a entidade beneficiaria deberá comunicalo mediante o anexo V á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

2. Os documentos de xustificación deberán presentarse dentro do prazo establecido polo artigo 24 destas bases, momento no que a totalidade das actuacións deberán estar executadas.

3. Para a xustificación do investimento deberase presentar a seguinte documentación:

a. Memoria técnica descritiva das actuacións realizadas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa descrición das actividades realizadas e dos resultados obtidos, incluíndo a argumentación técnica que xustifique o cum-



primeto do principio DNSH. Esta memoria deberá identificar a totalidade das actuacións realizadas mediante:

a1. Descrición de todas as actuacións realizadas en cada un dos elementos obxecto de adaptación ao Real decreto 1432/2008, do 29 de agosto (apoios, condutores, illadores, etc.), en que se detallen claramente os obxectivos: nº de apoios corrixidos.

a2. Fotografías previas e posteriores ás actuacións de cada un dos elementos mencionados no punto anterior.

a3. Esquema que amose as dimensións de todos os elementos obxecto de adaptación. Isto permitirá a comprobación, de ser o caso, de que se garantan as diferentes distancias de seguridade nos apoios, as distancias entre salvapaxaros, etc.

a4. Arquivo dixital (.shp, .dxf ou similar) onde se identifiquen e localicen as liñas e apoios, diferenciando os que foron obxecto dalgunha das adaptacións.

b. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, en que indicará:

b1. Número da factura e data ou outro documento de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil, contrato, nómina, etc.

b2. Proveedor: nome ou razón social e NIF.

b3. Importe da factura (IVE excluído) e porcentaxe de imputación á subvención.

b4. Actuación á que corresponde: descrición dos bens ou servizos proporcionados.

b5. Forma de pagamento.

b6. Data de pagamento.

A listaxe totalizarase para cada unha das actuacións recollidas na correspondente resolución de concesión e incluírá unha comparación deste total coa cantidade recollida, polo mesmo concepto, na resolución de concesión.

c. Documentación xustificativa do pagamento, conforme foi realizado efectivamente dentro do prazo de execución, mediante a presentación do xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario, ou xustificante electrónico de trans-

CVE-DOG: ugnjif5-qtp7-c8w9-uyo5-6faaeaykvhw2



ferencia bancaria en que conste o código de verificación na sede electrónica da entidade bancaria ou outro mecanismo que garanta a veracidade do xustificante.

Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o importe da factura e a súa data de pagamento. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificados mediante recibo da entidade provedora, nin os pagamentos por caixa ou en efectivo. No caso de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase achegar unha relación destas, asinada polo/pola representante legal.

d. Licenzas e/ou autorizacións para a realización das actuacións subvencionadas exixibles polas diferentes administracións públicas competentes e entidades vencelladas ou dependentes delas ao abeiro da normativa sectorial que puidese resultar de aplicación, na solicitude de pagamento final se non foron presentadas previamente.

4. A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais poderá solicitar as aclaracións pertinentes á documentación presentada.

5. O órgano instrutor poderá requirir ás beneficiarias a remisión dos xustificantes de gasto con base nas técnicas de mostraxe, comprobándose para estes efectos un mínimo do 20 % dos expedientes. Este mesmo requirimento será aplicable cando das comprobacións realizadas non se consiga evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da axuda.

6. As facturas deberán conter información suficiente como para permitir relacionalas co gasto xustificado. Os xustificantes de gasto presentados deberán especificar a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe xustificado se imputa total ou parcialmente a esta e indiarase, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada pola subvención.

7. A expedición das facturas e o seu contido axustarase ao disposto no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

8. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención, deberá achegar unha copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa vixente.

9. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presente esta, requirase a beneficiaria para que, no prazo improrrogable de 10 días, sexa presentada. Se

CVE-DOG: ugnjif5-qtp7-c8w9-uyo5-6faaeykvhw2



transcorrido este último prazo non se recibe documentación, procederase á liquidación do proxecto.

10. No momento da xustificación do investimento, as beneficiarias deberán estar día nas súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. No caso de que a beneficiaria se opoña á consulta ou non preste o consentimento expreso, deberá presentar as certificacións xunto co resto da documentación xustificativa.

11. A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais poderá solicitarlle ao beneficiario as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes, advertíndolle que a falta de presentación da xustificación no prazo concedido para o efecto poderá comportar a perda do dereito á subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007.

12. O pagamento da subvención realizarase logo da xustificación por parte da beneficiaria da realización da actividade, da execución do proxecto ou investimento ou da consecución do obxectivo para o que se concedeu, de forma que a súa falta de xustificación ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas na normativa en materia de subvencións determinará a perda do dereito ao cobramento.

13. Cando o investimento ou custo xustificado sexa inferior ao inicialmente previsto, e non supoña unha realización incompleta ou deficiente do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, sempre que se garantan o cumprimento da finalidade da subvención.

14. O pagamento realizarase logo de verificación por parte da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais do cumprimento da obriga de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Artigo 26. Información e control

1. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación poderá inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas. De tal forma, o órgano instrutor poderá solicitar inspeccións ou visitas nos distintos lugares onde se desenvolven as actividades para comprobar a súa adecuación á normativa vixente, así como solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a correcta execución das actividades que foron obxecto das axudas.

CVE-DOG: ugnjif5-qtp7-c8w9-uyo5-6faaeaykvhw2



2. A beneficiaria comprométese a someterse ás actuacións de control que debe efectuar a entidade concesionaria, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. En todo caso, as subvencións reguladas nesta orde estarán sometidas ao seguimento, control e avaliación que se estableza para o PRTR, así como as obrigas específicas relativas á información e publicidade, control, verificación, seguimento, avaliación e demais obrigas impostas pola normativa interna e da Unión Europea que se establezan para o Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE e cuxa aplicación sexa de obrigado cumprimento.

4. As beneficiarias das axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida, xa sexa a documentación complementaria que os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais poidan exixir durante a tramitación do procedemento, ou a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

5. Con todo, segundo o disposto no artigo 79 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as beneficiarias estarán dispensadas da obriga de presentación de libros, rexistros e documentos de transcendencia contable ou mercantil ou calquera outra documentación xustificativa dos gastos realizados, sen prexuízo da obriga da beneficiaria de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto podan ser obxecto das correspondentes actuacións de comprobación e control, segundo dispón o artigo 14.1.g) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como de calquera outra obriga derivada da normativa estatal ou da Unión Europea que así o exixa.

Neste sentido, é preceptiva a conservación dos documentos xustificativos e demais documentación concernente ao financiamento, en formato electrónico, durante un período de cinco anos a partir do pagamento ou, a falta deste pagamento, da operación, ou de tres anos cando o importe da subvención sexa inferior ou igual a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Concello, do 12 de febreiro de 2021, e do artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro).



Artigo 27. *Revogación e reintegro*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na restante normativa aplicable, o que dará lugar, se é o caso, á obriga de reintegrar total ou parcialmente a subvención percibida, así como aos xuros de mora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectivo o reintegro a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Así mesmo, poderase producir a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda por incumprimento relativo ao principio «Do Not Significant Harm» DNSH, da etiqüetaxe verde e dixital ou das súas condicións de cumprimento, relativo aos fitos e obxectivos do PRTR, así como de calquera outro aspecto da normativa vencellada ao PRTR.

4. En todos estes supostos, a consellería reclamará directamente a devolución das cantidades aboadas en concepto de axudas e os xuros de mora producidos en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para a beneficiaria indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución, de acordo co artigo 7 do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, sen prexuízo das responsabilidades a que houbese lugar.

5. Nos casos de anulación ou minoración por certificación final das cantidades inicialmente aprobadas, as dotacións orzamentarias resultantes poderán ser adxudicadas a outras beneficiarias de acordo coa relación de prioridades e a orde establecida.

6. Naqueles supostos en que o importe das subvencións recibidas pola beneficiaria exceda os custos da actividade, procederase a solicitar a devolución da cantidade percibida que exceda o custo real da actividade cos xuros de mora correspondentes.

7. En todo caso, o procedemento de reintegro observará as prescricións contidas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 28. *Infraccións e sancións*

As beneficiarias das axudas quedarán sometidas ao establecido en materia de reintegros, control financeiro e infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións no títu-



lo IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao previsto polas disposicións nacionais e comunitarias en relación ao Mecanismo de recuperación e resiliencia e normativa de desenvolvemento.

Artigo 29. *Medidas antifraude*

A detección de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto: <http://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodocomunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do SNCA, do 6 de abril, sobre a forma en que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea. A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

Coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) nº 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiaria dos fondos do MRR, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla como entidades executoras deberán dispor dun «Plan de medidas antifraude» que lles permitan garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, da corrupción e dos conflitos de intereses, segundo o estipulado no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 do 29 de setembro. Configúranse como actuacións obrigatorias para os órganos xestores, a avaliación de risco de fraude, cubrir a declaración de ausencia de conflito de interese (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar conflitos de intereses. Así mesmo, o Plan de Medidas Antifraude deberá cumprir cos requirimentos mínimos establecidos no artigo 6.5 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, e o recollido no Plan xeral de prevención de riscos de xestión para a execución dos fondos Next Generation en Galicia, do 10 de decembro de 2021, do Consello da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: ugnjif5-qtp7-c8w9-uyo5-6faaeaykvhw2



VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
INDUSTRIA E INNOVACIÓN

ANEXO II

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A MODIFICACIÓN DE LIÑAS ELÉCTRICAS AÉREAS EXISTENTES CON CONDUTORES ESPIDOS QUE POIDAN CAUSAR MORTALIDADE DA AVIFAUNA EN ZONAS DE PROTECCIÓN, CON CARGO AO PRTR - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO IN407E	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE								
RAZÓN SOCIAL						NIF		
TIPO	NOME DA VÍA				NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO	
DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE	ORZAMENTO SEN IVE (€)
DESCRIPCIÓN SINTÉTICA DA ACTUACIÓN:	

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: ugnjif5-qtp7-c8w9-uyo5-6faaeykvhw2



A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon, o están pendentes de resolución de concesión, outras axudas para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita a subvención, que son as que a seguir se relacionan:

DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO (1)	IMPORTE

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE. No caso de solicitudes denegadas, farase constar DENEGADA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
7. Cumprir coas obrigas enumeradas no artigo 11 da Lei 09/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Asumir as responsabilidades que poderían derivarse da realización do proxecto ou actividade.
9. Dispor das autorizacións ou licenzas administrativas correspondentes no caso de que sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de axuda.
10. Ser a única responsable xurídica e financeira da execución do proxecto ou actividade obxecto da axuda.
11. Manter un sistema de contabilidade separado e específico en relación con estas subvencións, ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables que permita o seguimento dos gastos financiados a través destas subvencións, sen prexuízo das normas de contabilidade de obrigado cumprimento.
12. Cumprir coa normativa da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
13. Cumprir co principio de «non causar dano significativo» (principio «Do Not Significant Harm» - DNSH) e a etiquetaxe verde e dixital, de acordo co previsto no PRTR, aprobado por Decisión do Consello de Europa, do 16 de xuño de 2021, e polo Regulamento (UE) n° 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos e de maneira individual para cada actuación.
14. Incluír, sempre que sexa posible, criterios ambientais en todos os procedementos de contratación que puidese convocar a beneficiaria en calquera fase de realización do proxecto obxecto de axuda.
15. Cumprir coa normativa en materia de igualdade e incluír, sempre que sexa posible, criterios para favorecer a igualdade de trato e de oportunidades en todos os procedementos de contratación que puidese convocar a beneficiaria.
16. Cumprir coas obrigas específicas que estableza o PRTR e a súa normativa de aplicación, así como as impostas pola Unión Europea.
17. Recoller, a efectos de auditoría e control do uso dos fondos e nun formato electrónico que permita realizar procuras para unha base de datos única, as categorías harmonizadas dos datos recollidos no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) n° 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.
18. Gardar a trazabilidade de cada un dos investimentos e actuacións realizadas, así como a correspondente documentación acreditativa. Someteranse ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e no Regulamento (UE) n° 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.
19. Conservar e custodiar os documentos nas condicións e prazos establecidos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.
20. Asegurar a regularidade do gasto subxacente e a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de intereses e o dobre financiamento co obxecto de protexer os intereses financeiros da Unión. Para tal efecto, establecerase un sistema eficaz e eficiente e recuperaranse os importes aboados baixo erro ou empregados de maneira incorrecta, no sentido do artigo 22 do Regulamento (UE) n° 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.
